



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Intervención

Aprobación definitiva do anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2023

EDITO

O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 26 de xaneiro de 2023, aprobou inicialmente o anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2023, da Área de Seguridade e Tráfico, co seguinte detalle :

3) Concellería de Seguridade e Tráfico:

Entidade	Concepto	Importe	Aplicación orzamentaria
Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Ferrol (P1500030J)	Fixar un marco da colaboración entre o Concello de Ferrol e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Ferrol.	63.000,00	03211 1350 48000.
	Contribución financeira ao sostemento dos gastos necesarios para o funcionamento das actividades da Agrupación	12.000,00	03211 1350 78000.

Transcorrido o prazo de exposición pública do acordo provisional, publicado no BOP nº 22 do mércores, 1 de febreiro de 2023, non se presentou ningunha reclamación (tal e como consta no certificado da Secretaría Xeral de data 24/02/2023) elevándose, por tanto, a definitivo o acordo provisional, de conformidade co disposto no art. 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que comenzarán a contar ó día seguinte ao da publicación do presente anuncio, tal como dispón o artigo 10 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se considere oportuno.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 20 do RD 500/99, do 20 de abril e no artigo 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo

Ferrol, 28 de febreiro de 2023

O Concelleiro delegado da área de Economía e Facenda

Rafael Fernández Beceiro

2023/1552